

CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NO CONCELLO DE CAMARIÑAS. Ano 2018


Este estudo elaborábase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas no concello.

O desemprego rexistrado no concello de Camariñas no ano 2018 foi do **0.53% do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe algo superior ó acadado no 2017 (0.52%) e inferior ó dos anos 2016 (0.55%) , 2015 (0.57%), 2014 (0.55%) e 2013 (0.59%) Isto amosa que **o desemprego no concello creceu algo máis aceleradamente que na provincia neste último ano, diminuíndo respecto do 2016, 2015, 2014 e 2013.**

Se comparamos o desemprego do concello co resto da comarca vemos que, en decembro de 2018, Vimianzo conta cun 40.43% (39.96% no 2017) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 37.17% (35.86% no 2017) e Zas cun 22.40% (24.18% no 2017). Este ano cómpre destacar que aumentou o porcentaxe de persoas desempregadas nos concellos de Vimianzo (0.47%) e Camariñas (1.31%) e descendeu no de Zas (-1.78%). No ano 2017 aumentara en Vimianzo e Zas e descendera en Camariñas.

O desemprego no concello segundo a idade e o sexo

O paro do concello ó longo do ano 2018 non segue a mesma tendencia en homes e mulleres. Diminúe no caso dos homes no segundo e terceiro trimestre para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano. En canto ás mulleres, diminúe o número de desempregadas no segundo trimestre, mantén os mesmos valores no terceiro trimestre respecto do anterior para aumentar, ó igual que no caso dos homes, no cuarto trimestre do ano.



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 65.84% (64.89% no 2017 e 62.49% no 2016) fronte ó 34.16% (35.11% no 2017 e 37.51% no 2016) de desemprego masculino, producíndose a máxima diferenza porcentual no primeiro trimestre do ano, mentres que nos anos 2016 e

2017 tiñamos esta no terceiro trimestre. Cómpre destacar que o desemprego feminino aumentou un 0.95% en relación co desemprego masculino con respecto ós datos do ano anterior (2.4% no 2017). En números absolutos observamos unha diminución no número de desempregadas xa que a media trimestral no 2018 foi de 239, mentres que no 2017 foi de 255 mulleres. Os homes desempregados presentan unha media trimestral de 124 homes, número tamén inferior ós 138 do ano 2017. O máis destacable no 2018 é o **aumento porcentual do desemprego feminino respecto do masculino en relación cos anos anteriores.**


Cadro nº1: **DESEMPREGADOS POR SEXO**

2018	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	133	267	400	73362
Segundo	126	224	350	68269
Terceiro	113	224	337	66646
Cuarto	124	241	365	66691

Cadro nº 2: **DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	17	73	83	112	115	400
SEGUNDO	20	59	70	92	109	350
TERCEIRO	25	59	55	91	107	337
CUARTO	18	60	77	99	111	365

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que **os maiores porcentaxes de desempregados sitúanse nos grupos de maiores de 45 anos** cun porcentaxe do 57.58% (56.68% no 2017 e 52.23% no 2016) e o grupo de entre 25 - 44 anos cun 36.91% (38.99% no 2017 e 41.42% no 2016) de media do paro rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 5.51% (4.33% no 2017 e 6.35% no 2016) do desemprego no concello. Comparando os datos coas medias dos anos anteriores vemos que diminúe o porcentaxe de persoas desempregadas entre 25-44 anos para aumentar no grupo de menores de 25 anos e no de maiores de 45 anos.




Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	10	42	59	81	75	267
SEGUNDO	8	36	46	61	73	224
TERCEIRO	13	34	42	63	72	224
CUARTO	7	35	57	68	74	241

Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE


	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	7	31	24	31	40	133
SEGUNDO	12	23	24	31	36	126
TERCEIRO	12	25	13	28	35	113
CUARTO	11	25	20	31	37	124



O **paro feminino** caracterízase por ser **superior ó paro masculino** en tódolos grupos de idade agás entre os menores de 25 anos, no que hai un home desempregado máis de media. As menores diferenzas por idades exceptuando o grupo de menores de 25

anos, obsérvanse entre as persoas de 25-34 anos, onde temos 11 mulleres máis que homes. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de máis de 55 anos.

Os peores datos de **homes** desempregados sitúanse no grupo de maiores de 55 anos e o de 45 - 54 anos, (37 e 30 desempregados, respectivamente de media). O ano pasado os maiores porcentaxes xa correspondían a estes mesmos grupos polo que vemos que continúa a tendencia. Aínda que baixou o número de desempregados (43 e 32 respectivamente no 2017). Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ós grupos de 35-44 anos e o de 45-54 anos. No cuarto trimestre do ano aumenta o número de desempregados en tódolos grupos de idade agás entre os menores de 25 anos e o de 25-34 anos, igual que no 2017.





O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 57.71% (59.60% no 2017 e 60.62% no 2016) de persoas desempregadas que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria. Un 26.45% (25.19% no 2017 e 24.93% no 2016) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 2.48% (2.04% no 2017 e 2.10% no 2016) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria. O porcentaxe de persoas desempregadas con formación media é do 13.36% (0.19% máis que no 2017). O paro segue a afectar maioritariamente ós desempregados sen ESO.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCCIÓN

	PRIMEIRO		SEGUNDO		TERCEIRO		CUARTO	
	H	M	H	M	H	M	H	M
UNIVERSITARIOS	1	8	0	9	2	8	1	7
BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU	3	9	1	9	1	9	1	9
FORMACIÓN PROFESIONAL	17	28	8	23	10	27	11	28
ENSINANZA OBRIGATORIA	22	83	26	65	18	69	22	79
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	90	139	91	118	82	111	89	118
TOTAL	133	267	126	224	113	224	124	241

* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.





Por sexos atopamos que **as mulleres presentan mellores niveis de instrución que os homes**. Non terían rematada a ensinanza obrigatoria o 50.84% das mulleres (55.69% no 2017) e o 70.97% dos homes (66.85% no 2017). Só posúen ensinanza obrigatoria o 30.96% das mulleres (27.65% no 2017) e o 17.74% dos homes (20.65% no 2017) mentres que contan con titulación universitaria o 3.35% das mulleres (2.75% no 2017) e só un 0.81% dos homes (0.72% no 2017).

O desemprego por sectores económicos

Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS


	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	11	22	33	9	23	32	14	22	36	13	20	33
SECTOR SECUNDARIO	38	14	52	23	14	37	22	8	30	35	11	46
SECTOR CONSTRUCCIÓN	5	35	40	5	30	35	3	25	28	4	27	31
SECTOR SERVICIOS	194	55	249	173	51	224	168	51	219	173	61	234
SEN EMPREGO ANTERIOR	19	7	26	14	8	22	17	7	24	16	5	21
CON EMPREGO ANTERIOR	248	126	374	210	118	328	207	106	313	225	119	344
Total	267	133	400	224	126	350	224	113	337	241	124	365

Máis do 93% dos desempregados do concello de Camariñas son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 7% é demandante de primeiro emprego. Con respecto ó ano 2017, aumenta nun punto o porcentaxe de persoas desempregadas con experiencia. Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que o porcentaxe de mulleres desempregadas en busca de primeiro emprego é sensiblemente superior ó porcentaxe de homes nesta situación (6.90 % de mulleres e 5.44 % de homes).





A maior cantidade de persoas desempregadas dáse no sector servizos (231 persoas de media), seguido do sector secundario (41 de media), os sectores primario e da construción teñen o mesmo número de persoas desempregadas de media (33).

Atendendo á evolución por trimestres observamos distintas tendencias segundo os sectores. Diminúe o número de persoas desempregadas nos sectores secundario, construción e servizos no segundo e terceiro trimestres. No sector primario diminúen os parados no segundo trimestre para aumentar no terceiro. No cuarto trimestre aumentan o número de desempregados en tódolos sectores respecto do trimestre anterior, agás no sector primario que diminúe en 3 persoas.



Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto ós homes, o maior número de desempregados atopámolo no sector servizos, seguido do sector da construción, a continuación situaríase o sector primario e, para finalizar o secundario.


Se avaliamos os datos das mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario e primario. O número de mulleres desempregadas no sector da construción é moi baixo, isto débese ó feito de que as mulleres non soen demandar traballo neste sector nin o sector soe demandar mulleres.



A contratación no concello por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	9	58	67	9	77	86	5	49	54	4	60	64
SECTOR SECUNDARIO	4	5	9	22	4	26	5	5	10	42	4	46
SECTOR CONSTRUCCIÓN	0	26	26	1	31	32	0	26	26	0	17	17
SECTOR SERVICIOS	75	21	96	130	58	188	115	78	193	58	39	97
TOTAL	88	110	198	162	170	362	125	158	283	104	120	224




No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que esta aumenta no segundo trimestre respecto do anterior nos catro grandes sectores, é neste segundo trimestre no que se asinan o maior número de contratos en todo o ano.

No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a contratación con respecto ó trimestre anterior soamente no sector servizos, diminuíndo nos outros tres sectores. No cuarto trimestre prodúcese un descenso nas contratacións dos sectores da construción (-9) e, especialmente, no sector servizos (-96). O trimestre do ano no que se producen o menor número de contratacións sería o primeiro.


Na contratación que se efectúa no concello destaca o seu carácter maioritariamente masculino, 53.81%. Ráchase así a tendencia do ano 2017 no que a maioría dos contratos se lles asinaba ás mulleres (53.16%) e vólvese ó patrón dos anos 2016, 2015, 2014 e 2013 no que a maioría de contratos foron para os homes (56.77%, 53.27%, 50.85 % e 58.37%, respectivamente). Os sectores máis masculinizados son o sector primario e a construción. O maior porcentaxe de contratos no caso das mulleres con respecto ós homes dáse no sector servizos e no sector secundario.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que durante o 2018 os homes se incorporan ó mercado de traballo en maior número que as mulleres en tódolos trimestres do ano. No 2017 eran as mulleres as máis contratados en tódolos trimestres agás no cuarto. A maior diferenza nas contratacións femininas e masculinas obsérvase no terceiro trimestre do ano (+33 a favor dos homes). A menor diferenza no número de contratacións entre homes e mulleres prodúcese no segundo trimestre do ano, (+8 a favor dos homes).


Evolución da contratación




No primeiro trimestre o máis significativo é o alto número de contratos femininos no sector servizos. No caso dos homes acádanse máis contratacións nos sectores primario e construción. Como xa se comentou é neste trimestre no que se produce o menor número de contratacións en todo o ano en ambos sexos.



As contratacións masculinas aumentan en tódolos sectores agás no secundario (-1 contrato) respecto do trimestre anterior. Nas mulleres aumentan os contratos en tódolos sectores agás no primario, no que se manteñen o número de contratacións do trimestre anterior. Destaca este trimestre por ser o de maior número de contratacións en todo o ano en ambos sexos e no que se produce a menor diferenza no número de contratos entre homes e mulleres.



Como se pode observar, neste terceiro trimestre (época de verán) diminúe o número de contratos en tódolos sectores agás no sector servizos. Ocupa este trimestre o segundo posto en número de contratacións de todo o ano. No caso dos homes aumentan os contratos nos sectores secundario e servizos, nas mulleres diminúen en tódolos sectores de actividade. É neste trimestre no que se produce a maior diferenza no número de contratos entre homes e mulleres de todo o ano, sempre a favor dos homes.



O cuarto trimestre ocupa o segundo lugar en menor número de contratacións en todo o ano. Respecto do trimestre anterior aumenta o número de contratos nos sectores primario e secundario, diminúen na construción e, especialmente no sector servizos (-96).

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres. Dentro de cada trimestre desbotamos as ocupacións nas que non se asinan como mínimo dous contratos.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	28	24	7	5
CAMAREIROS ASALARIADOS	21	33	36	15
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	7	15	8	
COCIÑEIROS ASALARIADOS	4	5	6	6
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	4			3
AXUDANTES DE COCIÑA	3	11	3	
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO	2			
GUÍAS DE TURISMO	2		4	
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	2		6	
RECEPCIONISTAS DE HOTEIS	2		6	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	2	6		6
ARQUIVISTAS E CONSERVADORES DE MUSEOS		22		7
OUTRAS OCUPACIÓNS ELEMENTAIS		5		
MARIÑEIROS DE PONTE, MARIÑEIROS DE MAQUINAS E AFINS		4		
ACTORES		4		5
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			10	
EMPREGADOS DE OFICINA DE SERVIZOS ESTATÍSTICOS, FINANCEIROS E BANCARIOS			4	
OPERADORES DE MAQUINAS PARA ELABORAR PRODUTOS ALIMENTARIOS, BEBIDAS E TABACO			3	
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE				32
PEÓNS AGRÍCOLAS (AGÁS EN HORTAS, INVERNADOIROS, VIVEIROS E XARDÍNS)				3
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS				3

No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (21) (21 tamén no 2017) atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: peóns das industrias manufactureiras; camareiros asalariados; vendedores en tendas e almacéns; cocineiros asalariados; axudantes de cociña; monitores de actividades recreativas e de entretemento. Estas ocupacións constitúen o 28.57% das ocupacións analizadas (23.81% no 2017).
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: traballadores dos coidados persoais a domicilio; outras ocupacións elementais; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; outro persoal de limpeza; empregado de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco; traballadores das industrias do peixe; peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros

e xardíns); peóns de obras públicas.

3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: pescadores de augas costeiras e augas doces; guías de turismo; persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; recepcionistas de hoteis; arquivistas e conservadores de museos; actores.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres salienta este ano os epígrafes pescadores de augas costeiras e augas doces; guías de turismo; arquivistas e conservadores de museos; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns.

As ocupacións pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; destacámolas porque soen ser ocupacións moi masculinizadas. As contratacións entre as mulleres se producen na primeira delas no primeiro e derradeiro trimestre do ano totalizando 7 contratos. Na segunda das ocupacións teriamos 4 contratacións no segundo trimestre. Aínda que non é un número moi alto de contratos salientámolas polo motivo anteriormente mencionado.

Respecto da ocupación guías de turismo salienta que se producen dúas contratacións no primeiro trimestre do ano no mes de xaneiro e 4 no terceiro trimestre todas elas no mes de xullo. Estas contratacións corresponderíanse con contratos realizados polo concello e a Asociación de Empresarios e de promoción turística de Camariñas.

A ocupación arquivistas e conservadores de museos é a primeira vez que aparece entre as máis contratadas no concello. As contratacións se producen nos meses de xuño (22) e outubro (7). Estas contratacións realizáronse para o Museo do Encaixe e o Museo de Man días puntuais para substituír nas fins de semana, períodos vacacionais ou días libres ó persoal titular dos museos. No 2016 e 2017 estas contratacións aparecían na ocupación técnicos en galerías de arte, museos e bibliotecas.

Cadro nº 9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	18	33	18	31
MARIÑEIRO DE PONTE, MARIÑEIRO DE MÁQUINAS E AFÍNS	14	14	11	11
ALBANEIS	10	8	8	
PESCADORES DE ALTURA	10	4		
PEÓNS DA PESCA	9	13	10	15
FONTANEIROS	8	10	11	12
PEÓNS DA ACUICULTURA	6	5	6	
CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS	4			
CAMAREIROS ASALARIADOS	4	31	16	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	3			7
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			13	
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES			6	
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓNS			6	
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		5		
APLICADORES DE REVESTIMENTOS DE PASTA E MORTEIRO		5		
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS				4
EMPREGADOS DE OFICINA DE SERVIZOS ESTATÍSTICOS, FINANCIEROS E BANCARIOS				4
SOCIOLOGOS, XEOGRAFOS, ANTROPOLOGOS, ARQUEOLOGOS E AFÍNS				2
ADESTRADORES E ARBITROS DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS				2
PINTORES E EMPALADORES				2
TRABALLADORES DE SERVIZOS PERSOAIS NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPIGRAFES				2
CONDUTORES DE AUTOBUSES E TRANVIAS				2
CAPITANS E OFICIAIS DE PONTE				2

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas (23) (21 no 2017) atopamos 3 grupos, este ano coinciden sete ocupacións coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; albaneis; peóns da pesca; fontaneiros; peóns da acuicultura; camareiros asalariados. Estas ocupacións constitúen o 30.43% das ocupacións analizadas (33.33% no 2017).
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; outro persoal de limpeza; compositores, músicos e cantantes; condutores asalariados de camións; peóns de obras públicas; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e

bancarios; sociólogos, xeógrafos, antropólogos, arqueólogos e afíns; adestradores e árbitros de actividades deportivas; pintores e empapeladores; traballadores de servizos persoais non clasificados baixo outras epígrafes; condutores de autobuses e tranvías; capitáns e oficiais de ponte; peóns da construción de edificios; aplicadores de revestimentos de pasta e morteiro.

3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: pescadores de altura; monitores de actividades recreativas e de entretemento.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre os homes, destacar os epígrafes de fontaneiros; monitores de actividades recreativas e de entretemento; outro persoal de limpeza; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; sociólogos, xeógrafos, antropólogos, arqueólogos e afíns.

A ocupación de fontaneiros figura entre as máis contratadas en tódolos trimestres do ano. Os 41 contratos están distribuídos ó longo de 10 meses. Consideramos que este boom na contratación pode estar vinculado á reactivación do sector da construción nos concellos da zona e á construción do parador de Muxía dado que contrataron moitas empresas da comarca para traballos relacionados co acabado de edificios co que estas tiveron que reforza-los seus cadros de persoal en momentos puntuais.

Respecto dos monitores de actividades recreativas e de entretemento temos 10 contratacións: 2 en febreiro, 1 en marzo, 6 en outubro e 1 en decembro. As de outubro pensamos que poden ser contratacións para distintas actividades culturais e deportivas ofertadas polo concello durante o curso escolar pero as do resto de meses descoñecemos a que fan referencia.

En relación coa ocupación outro persoal de limpeza atopamos 13 contratacións, 4 en xullo e 9 en agosto. Farían referencia ás contratacións dos meses de verán do concello para a limpeza de praias, cunetas, rúas... e traballos similares.

Outra ocupación a analizar é a de empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios. Teriamos dúas contratacións no mes de novembro e outras dúas no mes de decembro. Salientamos a ocupación porque non soe aparecer entre as máis contratadas entre os homes aínda que o número de contratos non é moi significativo.

A ocupación de sociólogos, xeógrafos, antropólogos, arqueólogos e afíns chámamos moitísimo a atención porque é a primeira vez que aparece entre as máis contratadas no concello aínda que o número de contratos asinados é moi pequeno (2 no mes de outubro).


Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 21 ocupacións no caso das mulleres e 23 no caso dos homes, coinciden homes e mulleres en sete, (10 no 2017) o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada. Estas ocupacións serían: camareiros asalariados; pescadores de augas costeiras e augas doces; monitores de actividades recreativas e de entretemento; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; outro persoal de limpeza; empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; peóns de obras públicas.


Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	147	110	107	122
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	106	95	89	105
Peóns de obras públicas, en xeral	85	74	72	81
Dependentes de comercio, en xeral	79	62	60	65
Peóns forestais	55	47	39	50
Caixeiros de comercio	43	29	37	34
Repoñedores de hipermercado	41	31	29	26
Pinches de cociña	37	31	31	32
Empregados de fogar	35	25		
Camareiros de pisos (hostalería)	35	28	29	35
Camareiros, en xeral		25		29
Empregados administrativos, en xeral			25	

Cadro nº 11: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.


	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Peóns de obras públicas, en xeral	69	61	53	60
Peóns forestais	49	42	34	36
Mozos de recollida de lixos-vertedoiros	46	43	38	38
Peóns da construción de edificios	29	28	22	28
Albaneis	28	23	19	25
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	19	19	16	14
Mariñeiros de buque de pesca	15	15	14	17
Condutores de furgonetas, ata 3.5 T	14	16	14	17
Mozos de carga e descarga, almacén e/ou mercado de abastos	12			
Carpinteiros, en xeral	12	11	9	14
Camareiros, en xeral		13	9	
Condutores de camións, en xeral			10	14





Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NO CONCELLO

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	64		64			
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	2	2	4			
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	30		30	134		134
OCUPAC. RELACIONADAS COA RESTAURACIÓN	143	51	194	60	11	71
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	18	13	31	183	17	200
OCUPACIÓNS AGROFORESTAIS	3		3	48	40	88
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS		12	12		39	39
OCUPAC. DE TIPO ADMINISTRATIVO	4	4	8	25		25
OCUPACIÓNS ALIMENTARIAS	35		35			
MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS	3	4	7	177	103	280
ACTIVIDADES SANITARIAS						
OCIO E TEMPO DE LECER	52	18	70			
OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA E ACUICULTURA	11	230	241		15	15
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		31	31		50	50
OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS		48	48		11	11
OCUPAC. RELACIONADAS CO TURISMO	14		14			
SERVIZOS PROFESIONAIS		2	2			
TRABALLADORES NON CUALIFICADOS	5		5			



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peóns das industrias manufactureiras: Non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación e podería ser tanto do sector téxtil como do conserveiro, entre outros.
- Servizos a persoas dependentes: traballadores dos cuidados persoais a domicilio; traballadores de servizos persoais non clasificados baixo outras epígrafes.
- Ocupacións relacionadas co comercio: vendedores en tendas e almacéns; dependentes de comercio, en xeral; caixeiros de comercio; repoñedores de hipermercado.
- Ocupacións relacionadas coa restauración: camareiros asalariados; cocineiros asalariados; axudantes de cociña; pinches de cociña; camareiros, en xeral.
- Ocupacións relacionadas coa limpeza: persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; outro persoal de limpeza; persoal de limpeza ou limpador, en xeral; empregados de fogar; camareiros de pisos (hostalería).

- Ocupacións agroforestais: peóns agrícolas (agás en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns); peóns forestais.
- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; condutores asalariados de camións; condutores de autobuses e tranvías; condutores de furgonetas ata 3.5 T; mozos de carga e descarga, almacén e/ou mercado de abastos; condutores de camións, en xeral.
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios; empregados administrativos, en xeral.
- Ocupacións alimentarias: operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco; traballadores das industrias do peixe.
- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: peóns de obras públicas; mozos de recollida de lixos – vertedoiros; peóns de obras públicas, en xeral.
- Ocio e tempo de lecer: monitores de actividades recreativas e de entretemento; arquivistas e conservadores de museos; actores; compositores, músicos e cantantes; adestradores e árbitros de actividades deportivas.
- Ocupacións relacionadas coa pesca e acuicultura: pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; pescadores de altura; peóns da pesca; peóns da acuicultura; capitáns e oficiais de ponte; mariñeiros de buque de pesca.
- Construción de edificios: albaneis; peóns da construción de edificios.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: fontaneiros; pintores e empapeladores; aplicadores de revestimentos de pasta e morteiro; carpinteiros, en xeral
- Ocupacións relacionadas co turismo: guías de turismo; recepcionistas de hoteis.
- Servizos profesionais: sociólogos, xeógrafos, antropólogos, arqueólogos e afíns.
- Traballadores non cualificados: outras ocupacións elementais

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 12 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:

1. En varias das ocupacións estudadas (7) atopamos un número de demandas superior ó número de contratacións, concretamente nas ocupacións relacionadas co comercio; coa limpeza; agroforestais; transporte e mantemento de vehículos; de tipo administrativo; mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras; construción de edificios. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.
2. Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 7 das estudadas: peóns das industrias manufactureiras; servizos a persoas dependentes; ocupacións alimentarias; ocio e tempo de lecer; ocupacións relacionadas co turismo; servizos profesionais; traballadores non cualificados. Isto indicaría que este tipo de contratacións non se están a facer a través do SPEG.
3. No caso das ocupacións relacionadas coa restauración; as relacionadas coa pesca e acuicultura e outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios; aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes, que probablemente ó igual que no caso anterior non se estarían a xestionar a través do SPEG.

4. Este ano, ao igual que no 2017, non temos ningunha ocupación entre as máis demandadas que non apareza entre as máis contratadas o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións, aínda que está a aumentar o número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións forestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías, cuadrillas de extinción de incendios...

No 2018 aínda que o número de contratos é inferior ó do 2017 observamos un aumento significativo no número de contratacións nas ocupacións relacionadas coa restauración; transporte e mantemento de vehículos; ocupacións alimentarias e ocupacións relacionadas coa pesca e acuicultura. Pola contra temos un descenso significativo nas ocupacións de peóns das industrias manufactureiras; as relacionadas co comercio, coa limpeza e as de ocio e tempo de lecer.

O número de contratos do 2018 (799) nas dez ocupacións máis contratadas é inferior ó do ano 2017 (864). Non coñecemos a calidade da contratación xa que a maioría dos contratos son de duración temporal e, despois de profundar algo no tema chegamos á conclusión de que algunhas das contratacións son por días soltos.

Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara á demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares. Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto.

De todo isto concluimos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.